



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Cebro Barreiro, Sabela
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Zas Varela, Mónica

DESCULPA ASISTENCIA

González Santamaría, Pedro
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 25 de setembro de dous mil catorce, convocada para as 09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda na Sala de Xuntas II da Xerencia no Edificio Xerencia-Servizos Centrais.

O día **25 de setembro de 2014**, ás 9,35 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 17 de xuño de 2014.
2. Resolución de reclamacións á proclamación provisional de candidaturas.
3. Sorteo da letra pola que debe comezar a relación de candidaturas na papeletas.
4. Elaboración dos modelos de papeletas para a votación.
5. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 17 de xuño de 2014.

Explica a secretaria xeral que na acta do día anterior non se indica que María Flora Alonso Vega escusara súa asistencia. Non se teñen recibido outras alegacións á acta. O presidente pregunta se hai algunha alegación máis á acta.

Ao non se recibir ningunha alegación máis, apróbase por asentimento.

Punto 2. Resolución de reclamacións á proclamación provisional de candidaturas.

O presidente cede a palabra á secretaria xeral, quen informa de que o prazo de reclamacións ás candidaturas provisionais nas eleccións a membros dos consellos de campus de Ourense e Pontevedra rematou o 23 de setembro. Ao non haber reclamacións ás candidaturas provisionais e consonte ao artigo 11.1 do Regulamento de eleccións dos consellos de campus, a Secretaría Xeral procedeu á proclamación definitiva de candidatos e candidatas; que foi remitida por medios electrónicos aos decanatos-direccións dos centros dos campus para a súa publicación nos taboleiros electorais.

Lembra a secretaria que de acordo co artigo 11.3 do devandito regulamento e co número de candidaturas, que nalgún sector non supera o número de postos que se deben cubrir, a

Secretaría Xeral da Universidade de Vigo poderá declarar concluído o proceso electoral nese sector.

No Campus de Pontevedra, as candidaturas presentadas son:

- 5 candidaturas do sector profesorado, para 5 postos
- 4 candidaturas do sector alumnado, para 5 postos
- O sector do PAS cóbrese cos dous máis votados nas eleccións ao Claustro

Polo que non será necesario levar a cabo o proceso de eleccións, xa que o número de candidaturas non supera o de postos que se deben cubrir.

No Campus de Ourense, presentáronse:

- 7 candidaturas do sector profesorado, para 5 postos
- 6 candidaturas do sector alumnado, para 5 postos
- O sector do PAS cóbrese cos 2 máis votados nas eleccións ao Claustro

Cómpre facer eleccións no sectores estudantes e profesorado.

Punto 3. Sorteo da letra pola que debe comezar a relación de candidaturas na papeletas.

Segundo o artigo 12, Sección 3ª, do Regulamento de eleccións aos consellos de campus: *A Comisión Electoral elaborará as papeletas en papel ou, no seu caso, electrónicas. Os nomes das candidatas e candidatos proclamados figurarán na papeleta por orde alfabética, tras o sorteo por parte da Comisión Electoral da letra pola que debe comezar a relación de candidaturas na papeleta.*

O presidente solicita de dous membros da Comisión que extraian as dúas letras polas que deberán comezar a relación:

- 1º. Federico A. Fernández extrae o R
- 2º. Jorge Bravo o T

Punto 4. Elaboración dos modelos de papeletas para a votación.

O presidente propón a utilización das papeletas cuxo modelo se achegou coa convocatoria desta reunión da Comisión Electoral. É un modelo que vén sendo empregado de xeito habitual, e que cumpre os requisitos indicados nos artigos 4 e 5 do Regulamento, así como as normas de paridade da Uvigo.

Dona Sabela Cebro Barreiro intervéen para indicar a existencia de pequenos erros tipográficos no modelo de papeletas. Serán corrixidos.

Indica a secretaria xeral que, de conformidade cos apartados 4 e 5 do artigo 4 do Regulamento, en cada papeleta determinárase o número máximo de candidaturas que se pode votar por cada elector ou electora, así como o número máximo por cada xénero. Pero que no caso da votación para o sector alumnado, non poderán votar a 4, xa que habendo unha única candidata, para manter a paridade o número máximo de candidatos masculinos pode ser 2.

Asentimento, asumindo as pequenas correccións.

Punto 5. Rolda libre de intervencións.

Federico A. Fernández pregunta por como van as reclamacións con respecto ao proceso electoral, e que motivaron a xuntanza anterior. Responde o presidente que non hai novidade. En canto á reclamación dos alumnos que orixinou a anterior xuntanza da Comisión, déuselle traslado aos reclamantes da decisión tomada neste órgano, e non se volveu recibir ningún escrito posterior. E con respecto da reclamación xudicial presentada polo profesor Mejuto e outros asinantes, está en vía xudicial e non temos aínda comunicación ao respecto.

Pregunta Mónica Zas Varela polo calendario para ás eleccións á consellos de departamento. Responde a secretaria xeral que o calendario está elaborado, pero pendente da aprobación do equipo reitoral. O factor que retrasa a convocatoria é dispor dos censos dos alumnos de doutoramento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09,50 horas do día 25 de setembro de 2014 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris